



AGABEL

Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a Lectura

Novidades AGABEL

A Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a Lectura –AGABEL– xurdiu hai algo máis dun ano co obxectivo de potenciar a lectura e o papel das bibliotecas nos centros educativos de niveis non universitarios. Aínda que a meirande parte dos socios están vinculados ó ámbito da educación e das bibliotecas, AGABEL é unha asociación aberta a tódas aquelas persoas e institucións que teñan interese por este campo de intervención socioeducativa.

Dende a súa constitución, publicáronse na revista *Educación y Biblioteca* (nº 111) un manifesto que recolle os nosos principios básicos e un artigo que ofrece un diagnóstico da situación actual das bibliotecas escolares en Galicia, tanto a nivel legislativo como de infraestructuras e recursos. O manifesto tamén foi publicado na revista *Idea* do centro de Formación e Recursos de Ferrol. Ademais, mantivéronse contactos con responsables da Consellería de Educación co fin de promover a creación dun marco legislativo que regule o funcionamento das bibliotecas escolares na nosa comunidade autónoma. Dos resultados destes contactos iremos informando en posteriores boletíns.

Por certo, ¿chegaron ás vosas bibliotecas os cartos “só para libros” que a Consellería enviou a finais do pasado ano ?



“A lectura é un traxe que lle senta ben á alma e faina máis fermosa...”

Xabier P. Docampo

¡Chégannos apoios!

Entre os apoios que a asociación recibiu no seu primeiro ano de funcionamento podemos salienta-los de GALIX –Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil–, Nova Escola Galega, Comisións Obreiras, Esquerda Galega, Confederación Intersindical Galega, así como os procedentes de diferentes claustros e da Federación de Asociacións de Pais de Alumnos de Galicia. Tamén nos teñen chegado palabras de ánimo doutros lugares de España nos que existen colectivos e grupos que están, coma nós, traballando pola mellora das bibliotecas escolares.

Lembra que...

No pasado nº 289 de marzo de 2.000 a revista *Cuadernos de Pedagogía* publicou un monográfico titulado *Hábito lector e biblioteca escolar* que, a pesar da brevidade dos seus artigos, amosaba as principais tendencias nas bibliotecas escolares. Ademais incorporaba unha interesante selección bibliográfica.

Nº 1
Febreiro-2001

Última hora:

O vindeiro sábado 10 de marzo, ás 10:00 horas, celebrárase a *Asamblea Xeral de AGABEL no Forum Metropolitano de A Coruña*. Estás invitado a asistir aínda que non esteas asociado.

O Centro de Formación e Recursos de A Coruña convoca o curso: *A biblioteca escolar (3º nivel)*. *Internet para profesores e profesoras bibliotecarios*. As datas de celebración serán os días 11, 12, 25 e 26 de maio

Contidos:

Libros	2
Cursiños, xornadas	2
Recursos na rede	2
Ti opinas	3
¡Asóciate connosco!	4

Non te perdas estes libros:

Kepa OSORO ITURBE (Coord.): **La biblioteca escolar un derecho irrenunciable**. Madrid, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, 1998.

Documento editado como resultado da suma de vinteoito artigos que teñen por centro a biblioteca escolar. A pesar de ser unha obra de tantos autores e autoras mantén un bo nivel de conxunto que a fai especialmente recomendable. Nunha primeira parte plásmanse estudos teóricos (salientables ós de Guillermo Castán, Ramón Salaberria, Teresa Mañá, Mónica Baró, Raquel López e Luís Miguel Cencerrado) que abordan temas como o concepto, modelo e funcións das bibliotecas escolares, o perfil da persoa responsable da mesma, a formación de usuarios e usuarias, a dinamización, as novas tecnoloxías, a lectura, a relación coas bibliotecas públicas, e unha moi boa selección bibliográfica. Na segunda parte recóllense experiencias salientables tanto de centros educativos illados como experiencias colectivas.

Ana SÁNCHEZ BELLO: **Coeducación. La alternativa escolar al sexismo**. A Coruña Fundación Mujeres, 2000.


Presentado o pasado mes de decembro no Centro Municipal da Muller do Barrio das Flores de A Coruña, este material -manual, diario e caderno de fichas- proporciona unha revisión e clarificación de diferentes cuestións relacionadas coa coeducación, dende os papel que xoga a institución escolar ata as medidas que se potencian no ámbito político para a igualdade de oportunidades. Tras poñer de manifesto os mecanismos polos que a escola transmite o sexismo, explícito ou implícito, se proporcionan unha serie de instrumentos de recollida de información para que o profesorado poida avaliar a incidencia do sexismo nas aulas e tomar conciencia do que ocorre día a día nas mesmas. O libro pódese pedir á Concellalía de Servicios Sociais ou a través da dirección da Fundación Mujeres (galicia@fundacionmujeres.es).



COEDUCACIÓN
La alternativa escolar al sexismo



Cursiños, xornadas,...



FRATO: (1981) *Enseñantes en formación*

Ademáis do curso do CFR anunciado na primeira páxina, destacamos os organizados pola área de Formación do Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez (www.fundaciongsr.es/cursos)

1. **Los libros electrónicos: entre el juego y la información** (23 e 24 de marzo de 2001) con Mónica Baró, profesora da Facultat de Biblioteconomía i Documentació da Universidade de Barcelona.

2. **La biblioteca como centro de información: La experiencia de las BCD (Biblioteca centro de Documentación de 0 a 10 años) y CDI (Centro de Documentación e Información de 11 a 16 anos)** con Michele Penalva, documentalista do Lycée Française de Madrid. 11 e 12 de maio.

Recursos na rede

www.pntic.mec.es (Programa de Nuevas Tecnologías de la Información y la Comunicación)

Este programa pretende xeneralizar o uso das ferramentas de acceso á información e comunicación interpersonal que ofrece Internet. Nas diferentes actividades e proxectos deste programa participan centros de educación infantil, primaria e secundaria.

O programa ABIES para a informatización dos fondos das bibliotecas tamén foi elaborado no marco deste programa e pode ser solicitado polos centros educativos que estean interesados. Ademais, nas súas páxinas poderás atopar entre outros moitos recursos: orientacións para elaborar un proxecto de biblioteca, información acerca dun curso en CD-Rom sobre as bibliotecas escolares así como experiencias de diferentes centros educativos. Non deixes de visitar a páxina da biblioteca do C.P. Río Tajo (Guadalajara).



www.fundaciongsr.es (Fundación Germán Sánchez Ruipeírez)

Nas súas páxinas podes atopar información actualizada sobre cursos, congresos, feiras, novidades bibliográficas, publicacións do Centro de Documentación e Investigación,... Tamén che facilitan orientacións e apoio bibliográfico para traballos de investigación, información sobre a promoción da lectura nos centros escolares, etc.



Recoméndalle ó teu alumnado:

www.enciclonet.com

Como o seu nome indica, trátase dunha enciclopedia na que se pode atopar a información organizada por materias. O acceso á información é rápido e sinxelo.

Ti opinas / A debate:

Esta sección pretende crear un espazo para a opinión e o debate acerca de diferentes temas relacionados coa biblioteca escolar que poidan ser do voso interese. Neste boletín propoñémosvos reflexionar acerca de quen ten que estar ó fronte da biblioteca escolar. Por unha banda están as persoas licenciadas en biblioteconomía que reclaman o seu papel neste eido, doutra están os que consideran que a responsabilidade da biblioteca escolar debe recaer nun docente con formación específica. Podes enviar as túas opinións a seguinte dirección de correo electrónico agabel@profesores.com. No seguinte boletín recolleranse as opinións máis representativas.

A Formación dos responsables da biblioteca escolar: ¿Profesores ou biblioteconomistas?

“Os coñecementos bibliotecarios amósanse como imprescindibles na organización e tratamento técnico dos fondos, nas técnicas de difusión e animación á lectura, e noutras cuestións igualmente importantes; pero isto resulta claramente insuficiente para definir o modelo da biblioteca escolar que necesitamos”. (G. Castán; “Con la biblioteconomía no basta”. En *Cuadernos de Pedagogía*, nº 289; marzo-2000; págs. 51).

